

Ourense é o cuarto concello galego con máis doazóns de sangue, un total de 4.789 no ano 2012

Un xesto que salva vidas



FOTOS: CARLOS G. HERVELLA

ÁNGELES RODRÍGUEZ
Ourense

Non se pode fabricar, nin improvisar. O sangue aporta elementos esenciais para a nutrición e defensa do organismo e son moitas as persoas que precisan del ao ser sometidas a intervencións cirúrxicas, tras sufrir un accidente de tráfico ou laboral ou por padecer anemias, hemorraxias, enfermidades crónicas, cancro, leucemias... Por iso os hospitais galegos necesitan 500 doazóns diarias. A doazón de sangue medrou moito na comunidade nos últimos anos, pero tamén a actividade asistencial hospitalaria, o que incidíu no aumento da demanda. En Galicia o procesamento e distribución dos compoñentes sanguíneos está centralizado no Centro de Transfusión de Galicia (CTG), dependente da Consellería de Sanidade e con sede no campus universitario de Santiago. Dende alí subministranse compoñentes sanguíneos as 24 horas do día a todos os centros sanitarios galegos e con cada un deles establécense unhas reservas de seguridade dos diferentes

grupos sanguíneos. Sen embargo, dende o punto de vista da atención aos doantes o CTG está descentralizado e conta con sete locais de atención en hospitais: en Ourense (no CHUO), na Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Pontevedra e Vigo. Ademais cada día despraza dez unidades móbiles (unha das cales está na provincia de Ourense) que visitan cunha certa periodicidade os núcleos principais de poboación dos concellos, parroquias, barrios das grandes cidades, universidades, etc. De feito son estas unidades ás que rexistran a maior porcentaxe no total de doazóns 94.891 (82,69%) no 2012, fronte aos hospitais con 19.868 (17,31%). O labor desenvolvido nestes vinte anos dende o CTG convertiu a Galicia na comunidade de maior incremento acumulado (cun 66%) en número de doazóns, pasando de ocupar o último lugar a estar dentro dos índices que recomenda a Organización Mundial da Saúde (OMS). Aínda así os datos que manexa este centro revelan que no 2012, no que houbo 114.759 doazóns, aprézase un estancamento con respecto ao 2011 nas provincias da Coruña e Lugo, así como un lixeiro descenso nas de Pontevedra e Ourense. No caso concreto de Ourense, "que

no ano 1993 partía como a provincia galega con menor número de doazóns e unha taxa de 22 doazóns por cada 1.000 habitantes e ano, grazas á implantación das campañas de doazón, esta situación corrixiuse paulatinamente, a pesares de que no pasado ano rexistrou un descenso do 4,19% no número de doazóns. Ao igual que sucede na provincia de Lugo, Ourense aínda se atopa por baixo da taxa de doazón que recomenda a OMS (de 40 a 60 doazóns por cada 1.000 habitantes e ano) e se sitúa en 34 doazóns por cada 1.000 habitantes e ano", segundo o CTG. Entre os 30 municipios galegos con maior número de doazóns a única referencia da provincia é o concello de Ourense, que ocupa o cuarto lugar con 4.789 doazóns no 2012, só despois de Vigo (13.260), Santiago (10.161) e Coruña (9.560). Ademais, dos 88 concellos galegos que acadaron a taxa de doazón aconsellada pola OMS no 2012, 16 eran ourensáns e deles o de maior participación foi A Pobra de Trives, que rexistrou 70 doazóns por cada mil habitantes e ano. Son moitos os galegos e ourensáns que hoxe colaboran altruísticamente doando o seu sangue, pero o CTG mantén o obxectivo de aumentar a



Na imaxe central, doazón de sangue na unidade móbil do Centro de Transfusión de Galicia na súa visita á Rúa. Sobre estas liñas, o equipo desta unidade móbil ourensá.

MÁIS INFORMACIÓN:

- Centro de Transfusión de Sangue de Galicia: 900 100 828
<http://ctg.sergas.es>
doadoressangue.ctg@sergas.es

participación cidadá e incorporar novos doantes. Se unha persoa quere facerse doante, pode dirixirse a un local do CTG nun hospital ou a unha unidade móbil. Debe levar un documento que a identifique (pasaporte, DNI ou carné de conducir) e cubrir unha ficha persoal. Antes da extracción, un médico realizarlle unha entrevista confidencial para comprobar se reúne as condicións para ser doante (ter de 18 a 65 anos, estar sano, pesar máis de 50 quilos e non padecer, nin ter padecido, enfermidades transmisibles polo sangue). "Preguntámoslle qué enfermidades tiveron, o seu peso, se almorzaron (teñen que ter comido alomenos dúas horas antes), se están tomando medicación xa que algunhas impiden a doazón, se os operaron, se se fixeron tatuaxes ou piercings ou se foron sometidos a probas médicas invasivas (como endoscopias ou catete-

tímase que tan só 7 de cada 100 doantes posúen este grupo sanguíneo, frecuentemente usado nas urxencias.

Na analítica que se practica ao doante tamén se inclúe un hemograma e os marcadores das principais enfermidades que se transmiten polo sangue (hepatite B, hepatite C, Sida, sífilis...). "Iso determina que despois ese sangue se poida transfundir. Se os resultados son normais, o sangue pódese usar, pero se houbese algunha anomalía poríanos en contacto co doante para repetila e facer unha confirmación de que a anomalía é correcta. Se, unha vez feita, esa anomalía segue sendo positiva, remitiríase ao seu médico posto que a nosa obriga é velar pola saúde do doante e do receptor", matiza a doutora González Fernández. Os resultados da analítica envíanse ao enderezo da persoa que fai a doazón e con eles pode solicitar un carné de doante, no que queda rexistrado o seu nome, DNI e grupo sanguíneo.

Mentres se procede á extracción (na que se collen uns 450 ml), o doador vai tomando unha bebida e ao rematar continúa tomando bebidas e tamén algúns alimentos sólidos. "Ademais dámoslle, verbalmente e por escrito, unha serie de consellos para que non sufran mareos, nin se encontren mal despois de doar. Entre esas recomendacións están non



ROBERTO ESPINOSA VIDE,
Ourense
15 anos doando

Fixose doante hai quince anos case ao mesmo tempo que comezou a conducir ambulancias, pero daquela non era consciente da necesidade de sangue que hai e da importancia de doar. "Empecéi por empezar, pero non me imaxinaba a cantidade de sangue que lle fai falta á xente", comenta. O seu grupo sanguíneo é cero negativo, o que o convirte nun doante moi valioso xa que o seu sangue é compatible co resto dos grupos sanguíneos, aínda que el só podería recibila de persoas do mesmo grupo. Asemade Roberto Espinosa é doante por aférese, un tipo especial de doazón no que se separan dende un principio os compoñentes do sangue.



Dende a súa dobre perspectiva de doante e traballador do sistema sanitario, destaca a importancia das doazóns "porque o que hoxe fai falta para outros, mañá mesmo pódelle facer falta a ti. Doar é moi necesario, non che custa nada e ademais é moi gratificante porque estás axudando a outras persoas. A verdade é que saes dali bastante contento. Eu animaría á xente a que desen ese paso, é todo beneficios".

A EXPERIENCIA DE DOAR SANGUE



MARISA BLANCO,
Coedo-O Barco
18 anos doando

pouca xente se animaba a facelo. Eu empecei doando no Hospital Comarcal Valdeorras e en aquel momento lembro que fámoo só tres ou catro".

Agora leva anos doando na unidade móbil que se despraza pola provincia e asegura que, co paso do tempo, mellorou moito a atención e o cuidado que se lle presta aos doadores. "Preocúpanse de ti e se, por exemplo, levas a tensión baixa, non che deixan doar, mándanche volver outro día. Non arriscan, non che fan mal a ti para ben beneficiar aos demais". Anima a todo o mundo que poda a que doe sangue. "non é nada malo, nin doloroso. Ademais é un xesto que agradeces moito cando os teus seres queridos necesitan sangue e pónenlla. Eu, sempre que poida, seguirei doando".

de separación no que se obtéñen tres compoñentes: glóbulos vermellos (duran ata 42 días), plasma (consérvase ata 2 anos) e plaquetas (só duran 7 días). Normalmente cada enfermo require un só de eles, polo que unha doazón de sangue pode beneficiar a máis dun doente. Os tipos de sangue que máis se demandan en Galicia son, en xeral, o A e o cero, tanto positivo como negativo en ambos casos. "O A porque a maioría dos galegos teñen este grupo sanguíneo e o cero porque o cero negativo é o doante universal. No caso de urxencias nas que non dá tempo a determinar o grupo sanguíneo, transfúndese cero negativo e sabes que non lle vas producir dano ao receptor. E o cero positivo vale para todos os grupos Rh positivos", aclara a doutora González.

Ademais da doazón normal de sangue, está a aférese, que nesta provincia só se realiza no local do CTG en Ourense. Neste proceso recóllese un pe-



Exterior do local de atención do CTG en Ourense, situado no CHUO.

queno volume de sangue, sepáranse os seus compoñentes mediante centrifugación e colleitáse un ou máis deles (por exemplo, plaquetas), devolvéndolle ao doador o resto (glóbulos vermellos, plasma, leucócitos).

A sensibilidade social sobre a importancia das doazóns vai en aumento e repunta cando se producen sucesos como o recente accidente ferroviario de Santiago, no que a solidariedade dos galegos desembordou aos servizos de doazón. No caso do Barco foron multitude ás persoas que acudiron a doar o 26 de xullo. A demanda de sangue polo accidente xa estaba cuberta, polo que a algunhas desas persoas se lles recomendou que, en lugar de nese día, doasen ao mes seguinte. "Son casos excepcionais, e ese día ás persoas que estaban no Barco pedímoslles que volverán máis adiante, xa que de nada nos serve ter moitísimo sangue ese mes porque o sangue ten un período de caducidade. O importante é regular as doazóns porque necesitamos sangue todos os días do ano", indica a doutora González Fernández.

OS REQUISITOS PARA SER DOANTE

A doazón de sangue é un xesto solidario que permite que moitas persoas podan solucionar o seu problema de saúde ou mesmo salvar a súa vida. Defínese por lei como "un acto voluntario, altruísta, anónimo, universal e gratuíto". Pero tamén é un acto responsable, polo que resulta "vital, para a seguridade transfusional, que o doador aporte toda a información posible sobre o estado da súa saúde, xa que o sangue vai destinado a axudar á recuperación dos doentes", segundo se sinala dende o Centro de Transfusión de Galicia (CTG). Poden doar sangue as persoas sanas con máis de 50 quilos de peso, entre os 18 e os anos 65 anos e que non padezan, nin teñan padecido, ningunha enfermidade transmisible polo sangue. Non se debe doar sen almorzar e, despois de xantar, hai que esperar alomenos dúas horas. Antes de cada doazón un médico realiza unha entrevista confidencial ao doante para descartar calquera aspecto que impida levala a cabo. Os homes poden doar un máximo de catro veces ao ano e as mulleres, tres veces. Ademais entre doazón e doazón, débese deixar pasar un mínimo de dous meses.

A doutora María Jesús González Fernández, no local de atención do CTG en Ourense.